

Acta Asemblea en Común extraordinaria a petición do GT Institucional con motivo da premura na contratación de persoal eventual

Data: Martes 04 Agosto de 2015

Lugar: Local OUEC (As Burgas)

Hora: 20h

1.) Ratificación carácter de urxencia da convocatoria.

Atendendo ao novo protocolo de convocatoria de asembleas aprobado na AeC do 17/7/2015 será necesaria ratificar a urxencia da convocatoria con anterioridade a celebración da mesma.

Neste caso o GT Institucional presenta que a urxencia débese á necesaria contratación dunha persoa como Auxiliar Político e a premura para implementar o proceso de selección.

Ratificada a urxencia por unanimidade.

2.) Proposta de criterios de selección para persoal de libre designación.

Despois de adiar na AeC do martes 28/7/2015 a decisión, preséntase novamente a proposta transaccional redactada polo GT Mediación con apoio dos diferentes equipos que defendían posturas enfrontadas no pasado.

Sométese a consenso a proposta transaccional xurdindo varias emendas que son explicadas unha a unha:

- De substitución e adición.
- Emenda á totalidade: proposta lista electoral.

Enténdese que a proposta do GT Mediación e a emenda á totalidade son incompatibles, pero que as emendas de substitución e adición poden ser engadidas. Xa que logo aplícase o Protocolo de toma de decisións para posturas enfrontadas sometendo a consenso cada unha das propostas por orde de presentación: 1º) Proposta transaccional do GT Mediación + emendas , 2º) Emenda á totalidade

Votada a primeira proposta resultan as seguintes porcentaxes: A Favor= 45,5% Contra= 9% Abstencións= 45,5% Quedando aprobada por consenso en primeira quenda ao non superar o 10% dos votos en contra necesarios para bloqueala. Razón pola que, atendendo ao protocolo de toma decisións decae a proposta alternativa.

Descartada a emenda á totalidade procédese a dar lectura, someter a consenso e votación, no caso de ser necesario, das emendas de substitución e adición presentadas. (consulta documento completo coa redacción final: link).

Nota: contacto mediante correo electrónico en cordinacion-ourense-en-comun@googlegroups.com



O grupo responsable da implementación e execución do proceso de selección estará conformado por un representante de cada GT e delégase no mesmo o establecemento do cronograma de acción inmediata, fixando como data límite o 17 de agosto.

3.) Expediente de modificación de crédito do Concello de Ourense.

Acórdase afondar na postura e argumentario exposto na anterior asemblea (28/7/2015)

4.) Próxima asemblea

A próxima asemblea será a ordinaria do mes de setembro agás emerxencia que será convocada unha Asemblea Extraordinaria seguindo o protocolo acordado.

Levántase a sesión sendo as 22:30h